



## Concello do Carballiño

### **BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS ÁS ANPAS DOS CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS E CONCERTADOS QUE IMPARTAN ENSINO INFANTIL, PRIMARIA E SECUNDARIA DO CONCELLO DO CARBALLIÑO, POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS E GASTOS DE FUNCIONAMENTO DURANTE O CURSO ESCOLAR 2025/2026.**

#### **1. Obxecto da convocatoria.**

As presentes bases teñen por finalidade regular, tomando como marco legal a Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello do Carballiño que se rexe ao mesmo tempo pola Lei xeral de subvencións 38/2003 do 17 de novembro e Bases de execución do orzamento do Concello do Carballiño para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións destinadas ás ANPAS dos centros educativos públicos e concertados que impartan educación infantil, primaria e secundaria, do Concello do Carballiño, para promover actividades levadas a cabo durante o curso escolar 2025/2026

#### **2. Beneficiarios/as.**

Poderán concorrer á presente convocatoria de subvencións aquelas asociacións de pais e nais do alumnado dos centros educativos de Educación Infantil, Primaria e Secundaria do Concello do Carballiño, que cumpran os seguintes requisitos xerais e específicos:

##### **2.1. Requisitos xerais:**

- non estar incurso en ningún dos supostos aos que se refiren os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2023, do 17 de novembro, xeral de subvencións
- estar ao corrente das obrigas tributarias, seguridade social e Concello do Carballiño
- non ter pendente a xustificación dalgunha subvención anterior.

##### **2.2. Requisitos específicos da convocatoria:**

- pertencer a centros educativos de titularidade pública ou concertada do Concello do Carballiño
- estar legalmente constituídas
- figurar inscritas no rexistro das asociacións da Xunta de Galicia, ter domicilio social no Concello do Carballiño e provistas de Código de Identificación Fiscal(CIF) e non ter ánimo de lucro.

Será requisito indispensable que os datos da inscrición da asociación estean actualizados no momento de solicitar a subvención.

Quedarán excluídas aquelas asociacións que recibiran outra subvención do concello, en convocatorias anteriores e non a xustificasen debidamente.

#### **3. Crédito**

1. O importe total asignado no orzamento municipal que se destina a esta finalidade ascende a 5.000 euros, con cargo á partida 326..00.480.00 do orzamento do ano 2026

2. Estas subvencións son compatibles con outras para o mesmo fin. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver polo beneficiario. Se así fose, este feito daría lugar a unha modificación da resolución da concesión. Así mesmo, toda alteración das condicións para a concesión das subvencións poderá dar lugar, se é o caso, á modificación do acordo de concesión.

#### **4. Obrigas dos/as beneficiarios/as**

As entidades subvencionadas quedarán obrigadas a:





## Concello do Carballiño

---

1. Executar o proxecto ou actividades para as cales solicitaron a subvención dende o 1 de setembro de 2025 ata o 30 de xuño de 2026.
2. Destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o que foron concedidos
3. Comunicarlle ao concello a obtención doutras subvencións ou axudas solicitadas e/ou concedidas, tanto públicas como privadas, para o mesmo fin. Esta comunicación deberase comunicar no momento en que se coñeza, e , en todo caso, con anterioridade á xustificación de aplicación dada aos fondos percibidos.
4. Dispor dos libros, rexistros e/o documentos debidamente cumprimentados de acordo coa normativa aplicable ao beneficiario ou perceptor, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
5. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
6. Acreditar, con anterioridade, a ditarse a proposta de resolución de concesión, que se atopan ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coas facendas Estatal, autonómica., local e fronte á Seguridade Social.
7. Deberanlle dar a adecuada publicidade de carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto da subvención co logotipo aprobado polo Concello do Carballiño, figurando en toda a información ao respecto (proxecto, carteis, publicidade, publicacións, etc...). a colaboración do Concello do Carballiño, aínda que as actividades fosen realizadas con anterioridade á resolución da presente convocatoria e se se trata de entidades que xa concorreron en convocatorias anteriores. Non obstante, non se lle esixirá o cumprimento desta obriga as actividades fosen realizadas con anterioridade á resolución desta convocatoria.

En caso de incumprimento desta obrigación, o Concello do Carballiño poderá ordenar a adopción das medidas alternativas previstas no artigo 31 do Regulamento de Lei xeral de subvencións. No caso de que se incumpran tamén estas medidas, o incumprimento da obrigación poderá ser causa de perda do dereito á subvención ou do reintegro ata un importe do 20% da subvención concedida, importe que se determinará en función da gravidade do incumprimento.

### 5. Gastos subvencionables.

As axudas económicas irán destinadas a sufragar os gastos ocasionados por:

- actividades extraescolares entendendo como tales as desenvolvidas con carácter estable ao longo do curso 2025/2026.
- actividades de carácter puntual en días determinados (día da ilustración, do teatro, da muller, da poesía, da violencia de xénero, samaín, magostos etc...)
- gastos correntes da asociación (fotocopias, dípticos, publicidade...)
- viaxes culturais, entendendo como tales aqueles que inclúan no se desenvolvemento a visita de lugares ou a asistencia a eventos de carácter histórico ou artístico.

### Gastos non subvencionables

Exclúense especificamente destas bases e convocatoria as seguintes actividades:

- gastos de mantemento de locais
- gastos de adquisición de bens inventariables
- gastos de persoal, salvo que consistan nun contrato específico para a realización do proxecto obxecto da subvención





## Concello do Carballiño

- gastos de teléfono, alimentación e material funxible

Os gastos obxecto de subvención abrangueran dende o 1 de setembro de 2025 ata o 30 de xuño de 2026.

### 6. Presentación de solicitudes, prazo e documentación

As solicitudes presentaranse no modelo que o propio concello facilitará (anexo I), no Rexistro xeral do Concello do Carballiño, **no prazo de 15 días**, contados dende o día seguinte á publicación do extracto da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, trala comunicación efectuada pola BDNS (Base de Datos Nacional de Subvencións).

A convocatoria de subvencións farase pública no taboleiro do concello.

Xunto coa solicitude achegarán a seguinte documentación:

#### 1. Documentación xeral:

- copia cotexada do CIF da entidade e do NIF do representante
- copia cotexada dos estatutos da entidade adaptados á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo
- certificado de inscrición no rexistro de asociacións da Xunta de Galicia
- declaración xurada de estar ao corrente coa facenda estatal, autonómica e coa seguridade social. Comprobarase de oficio o estar ao corrente coa facenda local.
- declaración xurada de non estar incurso nas prohibicións do art. 13 da Lei 13/2008, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- declaración doutras axudas para o mesmo fin doutras administracións públicas ou privadas

#### 2. Documentación específica:

- memoria descritiva do proxecto e actividades que se pretenden desenvolver durante o curso 2025/2026, detallando cada unha
- descrición das actividades
  - obxectivos que se pretenden acadar coa realización da actividade.
  - orzamento estimado dos gastos e previsión de ingresos para ditos gastos
- na memoria deberán facer mención ás persoas beneficiarias.

### 7. Procedemento de concesión.

1. As subvencións reguladas nas presentes bases concederanse en réxime de concorrencia competitiva.

2. A instrución do procedemento corresponderalle á Área de Educación.

3. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes o órgano de instrución comprobará a corrección da documentación administrativa achegada. No caso de solicitudes defectuosas ou incompletas, concederase un prazo de 10 días para a súa corrección, arquivándose sen máis trámites de non se emendaren os defectos no dito prazo.

4. Transcorrido o prazo de emenda de deficiencias, procederase conforme ás seguintes regras:

4.1. Para os proxectos aos que non se achegase de modo completo e no prazo establecido a documentación necesaria, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.

4.2. Para o resto dos proxectos, proporase a súa admisión a trámite, pasando á Comisión de Valoración para que formule a proposta de valoración das solicitudes conforme cos criterios de valoración recollidos na base novena.





## Concello do Carballiño

### 8. Comisión de Valoración

A Comisión de Valoración estará composta polos seguintes membros.

- a concelleira delegada de educación
- a coordinadora dos servizos sociais municipais
- a traballadora social de servizos básicos municipais

Actuará de secretario/a de dita comisión o persoal administrativo da Área de Educación

### 9. Criterios de Valoración

1. Para a concesión de subvencións e a fixación da súa contía, a comisión de valoración terá en conta os seguintes criterios:

#### 1. Polo alumnado participante. Máximo 20 puntos

|                         |           |
|-------------------------|-----------|
| ata 15 alumnos/as       | 1 punto.  |
| de 16 a 25 alumnos/as   | 2 puntos. |
| de 26 a 50 alumnos/as   | 3 puntos. |
| de 51 a 75 alumnos/as   | 4 puntos  |
| de 76 a 100 alumnos/as  | 5 puntos  |
| de 101 a 125 alumnos/as | 6 puntos  |
| de 126 a 150 alumnos/as | 7 puntos  |
| de 151 a 175 alumnos/as | 8 puntos  |
| de 176 a 200 alumnos/as | 9 puntos  |
| máis de 201 alumnos/as  | 10 puntos |

#### 2. Polas actividades e contidos destas. Máximo 20 puntos

|   |   |
|---|---|
| por proxectos/actividades de carácter permanente ao longo do curso  | 1 punto por actividade (máx. 10 puntos) |
| por actividades de carácter non permanente/ actividades puntuais: actividades relacionadas con temas transversais (educación para a paz, para a saúde, educación cívica, educación viaria, educación ambiental, interculturalidade, coeducación...) | 0.25 por actividade (máx. 5 puntos)     |
| por actividades de promoción da lingua e cultura galega   | ata 1 punto                             |
| por actividades que integración do alumnado con necesidades educativas especiais  | ata 1 punto                             |
| por actividades que favorezan ou contribúan á integración do alumnado inmigrante ou socialmente desfavorecido   | ata 1 punto                             |
| por actividades ou accións de sensibilización dirixidas a promover a igualdade e a prevención da violencia de xénero  | ata 2 puntos                            |

Establécense 2 grupos segundo as puntuacións acadadas na baremación aplicándolles a cada unha delas unha porcentaxe sobre a contía solicitada e un máximo a conceder segundo se indica:





## Concello do Carballiño

| grupo | puntuacións   | porcentaxe do proxecto presentado | máximo     |
|-------|---------------|-----------------------------------|------------|
| 1     | entre 10 e 20 | 50%                               | 500,00 €   |
| 2     | entre 21 e 30 | 100 %                             | 1.000,00 € |

3. Se as axudas solicitadas para os proxectos fosen por importe inferior ou igual a 5.000 €, concederáse o importe total sempre e cando se obteña a puntuación mínima esixida.

De non ser así, o valor económico do punto resultará de dividir o importe máximo da subvención (5.000 €) polo total dos puntos obtidos polos solicitantes. A subvención que corresponda a cada proxecto solicitado determinarase multiplicando a puntuación obtida polo valor económico do punto, tendo en conta que ningunha entidade poderá recibir axudas por importe superior á contía solicitada ou ao máximo de 1.000 € establecido por beneficiario.

3. No suposto en que a valoración asignada a un proxecto exceda do máximo establecido ou da cantidade solicitada, a contía da axuda axustarase ata ese límite.

Os remanentes que se produzan como consecuencia da aplicación das fórmulas e regras anteriores, repartiranse entre o resto de solicitudes que non acadaron o máximo concedido, proporcionalmente aos puntos que ten cada unha delas ata que se esgoten os remanentes.

4. A Comisión de Valoración establecerá a necesidade de obter unha puntuación mínima de 10 puntos para a concesión de subvencións. Quedan excluídas aquelas solicitudes que non acaden a puntuación mínima establecida.

### **10. Importes máximos das subvencións.**

En ningún caso o importe máximo da subvención superará o 100% do orzamento da entidade ou asociación para a tempada obxecto da solicitude.

### **11. Resolución.**

1. A proposta de resolución, elaborada polo órgano instructor, seralles comunicada ás entidades beneficiarias mediante notificación co fin de que poidan formular as alegacións que estimen oportunas no prazo de 10 días. Poderase prescindir deste trámite se non se teñen en conta outros feitos distintos das solicitudes presentadas polos beneficiarios. No caso de non formularse alegacións, a proposta provisional considerarase definitiva (artigo 24.4 da Lei xeral de subvencións)

2. Examinadas, se é o caso, as alegacións, a Comisión de Valoración emitirá un informe/ditame, que á vista deste, o órgano instructor formulará proposta de resolución definitiva onde deberán expresarse a relación de solicitantes para os que se propón a subvención e a contía desta.

3. O órgano competente, neste caso a xunta de goberno á vista da proposta de resolución definitiva, resolverá o procedemento. A resolución, ademais do solicitante ou relación de solicitantes aos que se lles concede a axuda, fará constar, se é o caso e de maneira expresa, a desestimación do resto das solicitudes En todo caso expresarase o/a beneficiario/a e o importe da subvención outorgada e demais referencias relevantes.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante a propia xunta de goberno no prazo dun mes ou directamente anta a orde xurisdiccional contencioso administrativa, recurso contencioso administrativo no prazo de tres meses dende a notificación desta.

A subvención considerarase tacitamente aceptada de non presentar a renuncia expresa dentro do prazo dos dez días seguintes a notificación de resolución de concesión desta.





## Concello do Carballiño

4. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de 6 meses nos termos establecidos nos artigos 25 e 26 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e artigos 62 e 63 do seu regulamento e en ningún caso poderá exceder do 31 de xullo de 2026.

O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria, salvo que esta pospoña os seus efectos a unha data posterior. O vencemento do prazo máximo sen notificarse resolución, lexítima aos/ás interesados/as para entender desestimada, por silencio administrativo, a solicitude de concesión da axuda.

A subvención considerarase tacitamente aceptada de non presentar a renuncia expresa dentro do prazo dos dez días seguintes a notificación de resolución de concesión desta.

### 12. Xustificación e pagamento da subvención

1. Poderase realizar o pagamento do 50% da contía da subvención concedida, en concepto de pagamento anticipado, que se fará efectivo, por solicitude da entidade beneficiaria, unha vez realizada a notificación da subvención e logo da aceptación expresa desta.

2. Os/As beneficiarios/as das axudas presentarán, inescusablemente no rexistro municipal e ata o 15 de xullo de 2026, a xustificación que comprenderá a seguinte documentación:

- memoria explicativa do proxecto realizado e dos resultados obtidos, asinada polo/a presidente/a da entidade beneficiaria ou por quen actúe en representación desta.
- conta xustificativa dos gastos, asinada polo/a secretario/a e co visto e praxe do/a presidente/a, na que se relacionarán as facturas ou documentos con valor probatorio no tráfico mercantil e administrativo (identificarase o provedor, o NIF, o número da factura, o concepto e o importe) ata completar a totalidade do orzamento que serviu de base á concesión.
- factura/s orixinal ou copia cotexada do gasto realizado conformadas polo/a presidente/a da entidade, ou por quen actúe na representación desta.
- documento bancario acreditativo do pagamento das facturas presentadas, debidamente identificado. Non se admitirán pagamentos en efectivo nin mediante cheque bancario.
- declaración formal, asinada polo representante de tódalas axudas, solicitadas e concedidas para a mesma finalidade doutras administracións públicas ou privadas.
- declaración xurada de estar ao corrente coa facenda estatal, autonómica e coa seguridade social. Se o importe da axuda concedida excede de 3000 € é obrigatorio presentar certificados de estar ao corrente coa facenda estatal, autonómica e coa seguridade social
- certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente

Comprobarase de oficio o estar ao corrente coa facenda local.

3. O órgano competente para a comprobación da xustificación da subvención será o órgano instructor, e materializarase na emisión dun informe que acredite a adecuación da xustificación.

4. De haber deficiencias emendables na xustificación, concederase un prazo de 10 días hábiles para a súa emenda conforme ao disposto na Lei de réxime xurídico das administracións pública e procedemento administrativo común

5. No suposto en que só se xustifique unha parte do solicitado, a subvención reducirase





## Concello do Carballiño

---

proporcionalmente

### **13. Control da aplicación do gasto.**

O órgano instrutor poderá solicitar en calquera momento as explicacións e documentos que considere necesarios para o oportuno seguimento das actividades subvencionadas.

### **14. Réxime sancionador.**

Sen prexuízo do disposto na normativa xeral e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal en materia de subvencións, os perceptores destas subvencións veranse na obriga de devolver as cantidades percibidas para o suposto de que incumpran algunha das condicións das bases recollidas na presente normativa.

En materia de infraccións e sancións ateranse ao disposto no Capítulo IX da Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello do Carballiño (BOP nº 49, de 2 de marzo de 2005).

### **Disposicións finais.**

Primaria.-Nos aspectos non especificados nestas bases, as presentes axudas regularanse polo disposto na normativa xeral reguladora de subvencións, en especial, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Segunda.-A presente convocatoria publicárase no BOP para os efectos de cumprimento do requisito de publicidade .

